CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO
Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro
Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84
alcaldia@campolameiro.com
oficinas@campolameiro.com
www.campolameiro.com

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DE CAMPO LAMEIRO
DE DATA TRES DE XULLO DE 2017.

No Concello de Campo Lameiro o día tres de xullo do dous mil dezasete, ás catorce horas cinco minutos e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnense no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para este día.
ASISTENTES
Alcalde-Presidente
D. Julio G. Sayáns Bugallo

Concelleiros
Don Carlos Costa Domínguez
Dna. Mª José Viña Mourín
Don Alberto Maquieira Fernández
Dna. Mª de las Nieves Boullosa Ferrín
Dna. Silvia Laredo Quinteiro
Dna. Paz Vidal Fontenla
Don Adrián Vidal Fontenla
SECRETARIO
Dna. Mercedes González Budiño
Dá fe do acto Dna. Mercedes González Budiño, Secretaria da Corporación.
ORDE DO DÍA.:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.
Preguntados os/as asistentes se teñen algunha alegación que formular ó acta da sesión anterior, entregada, de data 23 de febreiro de 2017, non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade.

2.- OBRA: ENSANCHE VIARIO REDONDE.
Sobre a mesa proxecto de obra "Ensanche de viario en Redonde" redactado por PROINARTE, enxeñeiro D. Evaristo Juncal Froján.
Para a execución deste proxecto, consta compromiso de cesión de terreos efectuada polos propietarios da parcela 139 do polígono 27, así como expediente de expropiación da parcela 140 do polígono 27.
A) ACEPTACIÓN CESIÓN TERREOS.
Visto a proposta presentada polas propietarias da parcela 139 do polígono 27 de Redonde, de cesión de terreos líndante con vial público para que op Concello proceda ao ensanche do vial, poñendo como condicionantes o peche da finca resultante con muro mampostería no seu largo.
Visto que consta informe técnico de valoración dos muros a realizar, por importe de 5.810,43 euros.
Visto que se por Secretaría se informa que , segundo o establecido no artigo 12 del Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, a adquisición de bens a título gratuíto non está suxeita a ningunha

restrición; nembargantes si a adquisición levase aparellada algunha condición ou modalidade onerosa, solo poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.
Visto que con data 27 de xuño de 2017 se emitiu informe Técnico no que se valoraba o ben e ceder en Redonde, en 2.366,23 euros., así como se valoraba a condición da realización dun muro de peche de perpiaño e postes graníticos con malla electrosoldada en 5.810,43.
Examinada a documentación que acompaña o expediente, o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta do ben consistente nunha franxa de terreo de 101,54 m2 afectada pola realización das obras de "Ensanche de viario en Redonde", que afecta á parcela 139 do polígono 27 de Redonde, referencia catastral 36007A027001390000DF, para ser incorporado a viario público, que presentou o titular do ben ao Concello, constando no expediente unha valoración cifrada en 2.366,23 euros. Por parte de secretaria faise constar o incumprimento do establecido no artigo 12 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO. Inscribir o ben cedido no Libro Inventario de Bens do Concello, e rexistro da propiedade no seu caso.

TERCEIRO. Notificar as interesadas, María Vanesa e Milagros Otero Reboredo a aceptación da cesión gratuíta do ben – 101,54 m2 da parcela catastral 36007A027001390000DF.

CUARTO. Facultar ao Alcalde para que subscriba cantos documentos se deriven do expediente, no seu caso, incluíndo a inscrición no Rexistro da Propiedade.

"OBRA ENSANCHE DE VIARIO EN REDONDE:
APROBACIÓN EXPEDIENTE EXPROPIACIÓN FORZOSA

Visto o proxecto técnico da obra "Ensanche viario Redonde, redactado pola empresa Proinarte XXI S.L., enxeñeiro D. Evaristo Juncal Froján,
Vista a necesaria adquisición de determinados bens inmobles para a correcta execución das obras.
Visto que a aprobación do Proxecto Técnico leva implícita a declaración da utilidade pública das obras nel contempladas, e que, por tanto, leva consigo a autorización para expropiar os bens e dereitos necesarios para a súa realización.
Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría, O Pleno do Concello, cos votos a favor de oito concelleiros/as, acorda

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o proxecto técnico da obra "Ensanche de viario en Redonde", declarando necesaria a realización da referida obra con arranxo ao Proxecto Técnico, que conleva a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas aos efectos da súa expropiación, dando por incoado o correspondente expediente de expropiación forzosa, coa Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.

SEGUNDO. Aprobar a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a ocupar necesariamente para a execución da obra, e que se expresan ao final deste Acordo.
TERCEIRO. Proceder á publicación deste Acordo na forma a que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días, no taboleiro de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, e mais nun periódico de maior difusión da Provincia, con notificación persoal aos interesados, para que os titulares de bens e dereitos afectados poidan achegar por escrito cantos datos permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen na relación publicada ou oporse á ocupación ou disposición dos bens e dereitos por motivos de forma ou fondo, que han de fundamentar motivadamente.
Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección https://campolameiro.com].
Aos efectos da emenda de erros na descrición material e legal dos bens, calquera persoa natural ou xurídica poderá comparecer alegando cantos antecedentes ou referencias estime pertinentes.

CUARTO: De terse presentado alegacións, emitirase informe técnico e xurídico sobre as mesmas.
De non presentarse, estimarase aprobado definitivamente.

QUINTO: Á vista das alegacións producidas, O Pleno do Concello resolverá nun prazo máximo de vinte días sobre a necesidade da ocupación, describindo na resolución detalladamente os bens e dereitos a que afecta a expropiación.

SEXTO: Publicar o acordo do Pleno durante o prazo de 15 días no taboleiro de anuncios do Concello de Campo Lameiro, no B.O.p. da Provincia e nun periódico de maior tirada na provincia, con notificación persoal aos interesados.

RELACIÓN DOS BENS AFECTADOS:
— Identificación do propietario: D. José Corbacho García
— Descrición da leira: parcela rústica/urbana. Uso agrario
— Situación xurídica: Parcela 140 polígono 27 de 366 m2.
__ Superficie a expropiar 145,05 m2.
— Valoración total : 2.095,40 euros.

3.- APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2016.
Vista a Conta Xeral do exercicio 2016, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.
Visto o informe de Intervención emitido sobre ela, e o Ditame desta Comisión emitido con data TRINTA DE XUÑO DO DOUS MIL DEZASETE.
Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións (BOP DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Nº 111 DE DATA 10-06-2016 E TABOLEIRO DE EDITOS DO CONCELLO), E QUE DURANTE O PRAZO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO NON SE PRESENTARON RECLAMACIÓNS, REPAROS OU OBSERVACIÓNS Á MESMA, SEGUNDO CONSTA NA CERTIFICACIÓN DE SECRETARIA DE DATA 18-07-2016.--

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por UNANIMIDADE DOS MEMBROS PRESENTES, cos votos favorables dos Srs.Julio Sayáns Bugallo, Carlos Costa Dominguez, María José Viña Mourín, Alberto Maquieira Fernández, Maria Nieves Boullosa Ferrin, Silvia Laredo Quinteiro, Paz Vidal Fontenla, Adrían Vidal Fontenla, o seguinte.:
ACORDO.:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2016.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo».

4.- PROPOSTA SEPARACIÓN CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO DO CONSORCIO CONCA DO LEREZ.
Dáse lectura á proposta da alcaldía do tenor literal que segue:
"O Concello de Campo Lameiro por acordo adoptado polo Pleno do Concello de 27 de febreiro de 2012 acordou participar na constitución do Consorcio Local "Conca do Lérez" , integrado inicialmente polos Concellos de Campo Lameiro, Cerdedo, Cotobade e Forcarei.
No ano 2013 prodúcese a saída do Concello de Forcarei do Consorcio Local "Conca do Lérez".
No ano 2016 tense producido a desaparición dos Concellos de Cerdedo e Cotobade como entidades diferenciadas, constando na actualidade como Concello único, baixo a denominación de Concello de Cerdedo-Cotobade.
Esta modificación en se mesma, tense que entender como motivo suficiente para producir , cando menos, a modificación dos Estatutos do Consorcio Conca do Lérez.
Conforme o establecido no artigo 28 dos Estatutos reguladores do Consorcio, esta Alcaldía promove a separación do Concello de Campo Lameiro do Consorcio Conca do Lérez, con todas as consecuencias que implique a mesma.
Por elo, propoño:
1º.- Instar a separación do Concello de Campo Lameiro do Consorcio "Conca do Lérez", antes integrado polos Concellos de Campo Lameiro, Cerdedo e Cotobade, aínda que na actualidade sexan dous os Concellos integrantes, Campo Lameiro e mais Cerdedo-Cotobade.
2º.- Solicitar da secretaria do Consorcio "Conca do Lérez", certificación da última acta da sesión do Pleno do Consorcio celebrada."
Vista a proposta presentada, o Pleno do Concello, por unanimidade dos/as oito concelleiros/as presentes acorda:
PRIMEIRO.- Aceptar na súa integridade a proposta presentada polo Sr. Alcalde en relación coa separación do Concello de Campo Lameiro do Consorcio Local "Conca do Lérez".
SEGUNDO.- Instar ante o Concello de Cerdedo-Cotobade, a tramitación do correspondente expediente de separación deste Concello do Consorcio "Conca do Lérez".

TERCEIRO.- Solicitar a remisión da ultima acta de sesión celebrada do Pleno do Consorcio Local "Conca do Lérez"

5.- DECLARACIÓN FESTIVOS LOCAIS ANO 2018

Vista a necesidade de dar traslado ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a determinación do calendario laboral na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, da proposta de festivos locais para o referido ano no Concello de Campo Lameiro..

Vista a proposta presentada polo Sr. Alcalde para establecer como festivos locais as seguintes datas:

*13 de xuño, San Antonio.

*1 de outubro, San Miguel de Campo.

Visto que a totalidade de concelleiros/as presentes (8) manifesta a súa conformidade coa proposta presentada.

O Pleno do Concello, por unanimidade acorda:

DECLARAR E PROPOÑER como festivos locais no Concello de Campo Lameiro para o ano 2018, os seguintes:

*13 de xuño, San Antonio.

*1 de Outubro, San Miguel de Campo.

6.- MODIFICACIÓN CRÉDITO Nº 1/2017

Vista a posible aplicación do superávit presupostario do exercicio 2016, correspondente coa cantidade de 42.582,06 €, se aproba a modalidade de crédito extraordinario para a aplicación do superávit presupostario con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais

Visto que con data 28-06-2017, se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable éo procedemento a seguir.

Visto que con data 28-06-2017 se emitiu Informe de Evaluación do Cumprimento de Evaluación do Obxectivo de Estabilidade Presupostaria e con data 28-06-2017 se emitiu Informe de Intervención, polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

Ä vista do informe-proposta de Secretaría eo Ditame da Comisión Informativa de 30-06-2017, de conformidade co disposto no articulo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locales, aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no articulo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Contas e Patrimonio, adopta por unanimidade (dos oito membros presentes na sesión), o seguinte.:

ACORDO.:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 1/2017 do Presuposto en vigor, na modalidade de crédito extraordinario para a aplicación do superávit presupostario con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, cuyo detalle eo seguinte:

Os importes aplicados aos diferentes destinos en base ao Informe de Intervención son:

2º. Financiar inversións sempre que ao largo da vida útil da inversión ésta sexa financieiramente sostible, pola cantidade de 24.085,22 €.

O resume das aplicacións presupostarias ás que se destinará o superávit presupostario según o establecido no apartado anterior será o seguinte:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación Presupostaria	N.º	Descripción	Euros
450.61902	1	REPARACION DEL SISTEMA DE SANEAMIENTO DEL NÚCLEO DE PARADA	24.085,22
		TOTAL GASTO	24.085,22

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio insertado no *Boletín Oficial de la Provincia*, polo plazo de quince días, durante os cales os interesados podrán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo no se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun plazo dun mes para resolvelas.

7.- CONTA XERAL RECADACIÓN 2016 ORAL

Presentase conta da xestión recadatoria exercicio 2016 aportada polo organismo recadador ORAL de Pontevedra, referida aos impostos e taxas que se relacionan:

· Actividades Económicas.
· Bens Inmobles características especiais.
· Bens Inmobles: Rústica e Urbana.
· Imposto Vehículos.
· Servizo abastecemento augas.
· Taxas e prezos públicos.
· Taxa Recollida Lixo.
· Imposto construción, instalación e obras.
· Licenzas urbanísticas.
· Taxa Saneamentos.

Do resumo do informe presentado, se acredita que figura como pendente a 31.12.2016 un total de 154.889,90.

Se aporta Resumo da conta de xestión, Conta de xestión de recibos; conta de xestión de liquidacións, Relación de valores dados de baixa, relación de valores cobrados pola entidade, así como relación de valores pendentes a 31.12.2016.

Unha vez comprobada a documentación presentada, se constata que pode haber erros en canto a apelidos e a número de identificación dos contribuíntes, polo que urxe tomar medidas tendentes a subsanar posibles defectos nos listados de contribuíntes.

Ase mesmo, se lembra a obriga de que todos os/as concelleiros/as desta corporación se atopen ao día no cumprimento das súas obrigas co Concello, e que se requirirá ao ORAL a cobranza de recibos pendentes de cobro a través de compensación polas retribucións que se perciban por asistencias ás reunión dos órganos colexiados.

Así mesmo, se insta do Organismo recadador ORAL, así como das áreas que corresponda no que atinxe a este Concello, para adopción das medidas necesarias que correspondan para a depuración e subsanación dos posibles defectos ou erros existentes, coa finalidade de non producir duplicidades nin posibles prexuízos e menoscabo ás arcas públicas.

8.- INFORMES DA ALCALDÍA.

** Se informa ao Pleno da notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural en relación a aplicación da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
Se aporta Anexo II no que se recolle información relativa ás distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais en aplicación da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes de Galicia.
Queda informado o Pleno, acordando dar publicidade á información remitida para xeral coñecemento.
** Se informa da colaboración prestada pola fábrica de froitos secos ubicada no Parque Empresarial de A Facha , O NOGAL.
Se manifesta polo Sr. Alcalde que colaborou de forma desinteresada na organización do Campionato de Fútbol en A Chanciña, entregando aos participantes unha bolsa con produtos producidos na fábrica,
Acórdase recoñecer a colaboración dispensada e agradecer publicamente a mesma.
** Se informa da modificación da inclusión da obra "Centro de Estancia de Campo Lameiro" que se lle formulara á Deputación de Pontevedra dentro do Plan de Obras 2017, reformulando unha nova solicitude polo mesmo importe para unha primeira fase do saneamento de Reboredo.
A obra de Centro de Estancia de Campo Lameiro se retira até tanto se teña completada a totalidade de documentación que se debe aportar ao expediente.
** Se informa que se está a implantar xa o programa GESTIONA en colaboración coa Deputación de Pontevedra coa finalidade de poñer en aplicación os cambios introducidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para a posta en práctica da Administración Electrónica neste Concello.
Ase mesmo se informa que neste exercicio o rexistro de facturas permanecerá de igual forma a como se está a levar na actualidade, sen entrar na nova aplicación, mantendo o rexistro instaurado polo programa de Alfredo Nanín.
Queda informado e conforme o Pleno do Concello.
** En cumprimento do establecido nas Bases de convocatoria dos Plans da Deputación de Pontevedra, Plans de obras e servizos,se informa polo Sr. Alcalde das obras incluídas no presente exercicio dentro dos plans provinciais, sendo as actuación englobadas as seguintes:
· "Reforzo capa de rodadura do firme en camiños rurais de Campo Lameiro, importe 54.456,93 euros.
· Contratación traballadores para conservación e funcionamento de bens s servizos municipais, importe total 81.837,87 euros.
· Mellora de Camiños en San Isidro, Laxe, Morañó e Gargallóns, importe 97.105,50 euros.
· Adecuación beirarrúas rúa Bernardo Sagas, entre nº 1 e nº 29, importe 38.211,00 euros.
· Acondicionamento local en Chacente, importe 37.844,88 euros.
Queda informado o Pleno do Concello.
** Informase do acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno do 17 de abril de 2017, atendendo ao escrito presentado por D. Buenaventura Aparicio Casado cursando petición para a Declaración de Patrimonio da Humanidade da arte rupestre galega.
Se manifesta que esta foi sempre unha prioridade para este Concello e que, polo tanto, nada obsta apoiar esta solicitude.

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO
Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro
Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84
alcaldia@campolameiro.com
oficinas@campolameiro.com
www.campolameiro.com

E por unanimidade (dos oito membros presentes), se acorda dar conformidade á presentación da Declaración de Patrimonio da Humanidade da arte rupestre galega diante á Xunta de Galicia.
** Se informa do escrito recibido do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións sobre o despregamento de redes de telecomunicación no entorno municipal.
Queda informado o Pleno do Concello.
** Se informa da concesión dunha subvención por parte da Consellería de Política Social por importe de 150.000,00 euros, para a obra "Centro de Estancia de Campo Lameiro" cun orzamento total de mais de 322.000 euros. Esta financiación se efectuará en dúas anualidades.
Tamén se manifesta que se buscarán formulas para acadar a totalidade de financiamento, aínda no suposto de que sexa o Concello quen aporte a totalidade de financiación que a obra require. En calquer caso, de todo o seguimento da obra se dará conta ao Pleno.
Queda informado o Pleno, amosando conformidade coa proposta.

9.- DACIÓN DE CONTA. DECRETOS ALCALDÍA.
Dáse conta dos decretos asinados polo Sr. Alcalde dende a data de celebración da última sesión do Pleno do Concello, que constan en expediente, así como dos decretos de autorización de gastos.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.
Por parte da concelleira de Cultura, Dna. Mª José Viña Mourín se expresa o agradecemento pola asistencia dos/as señores/as concelleiros aos actos celebrados no mes de xuño, con motivo das actividades culturais e mais deportivas, que contaron con pouca asistencia de membros da corporación, manifestando que se fosen retribuídos habería total asistencia.
Toma a palabra o concelleiro do Grupo Socialista D. Adrián Vidal Fontenla para manifestar que ese comentario era moi desafortunado, expoñéndoo de esa forma. Que nada sabe a Sra. concelleira das obrigas ou das razóns que cada un poida ter para non poder asistir aos actos programados.

E non habendo mais se levanta a sesión sendo as 14:40 horas.

A secretaria

Vº e Prace:
O Alcalde

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO · PONTEVEDRA ·

Asdo.: Mercedes González Budiño

Asdo.: Julio G. Sayáns Bugallo